



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2023.00449

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CLUBE DE LECTURA VIRTUAL DA eBIBLIODACORUNA DA BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00449

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación en data 28 de maio de 2024 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Biblioteca Provincial en data 13 de xullo de 2023, para a contratación da PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CLUBE DE LECTURA VIRTUAL DA eBIBLIODACORUNA DA BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, expediente PCO.001.2023.00449, nas seguintes condicións:

1.1. Información del contrato

1.1.1. Tipo de contrato: servizos

1.1.2. Procedemento: aberto cun múltiples criterios de valoración

1.2. Orzamento:

A) Orzamento anual sin IVE:	3.500,00 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%:	735,00 €
C) Orzamento anual IVE incluído (A+B):	4.235,00 €
D) Orzamento para dous anos IVE incluído (Cx2):	8.470,00 €

1.3. Valor estimado: 10.500,00 €

1.4. Prazo de execución: Dous (2) anos dende a data de formalización do contrato en documento administrativo, prorrogable por outro ano máis.

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

APLICACIÓN	ANO 2024 RC	ANO 2025 RCP	ANO 2026 RCP	TOTAL (€)
0660/33211/22606	2.117,50 €	4.235,00 €	2.117,50	8.470,00 €

Por tratarse dun contrato que estenderá os seus efectos a exercicios posteriores, financiarase segundo o disposto no art. 174 del Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con múltiples criterios de valoración.